


CRECENTE DIVERSO



AS PARROQUIAS

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SIEIRO

CRECENTE DIVERSO

AS PARROQUIAS

3

VÍDEO PRESENTACIÓN

DESCUBRE O NOSO CONCELLO!



CRECENTE DIVERSO

AS PARROQUIAS

3

DESCUBRE O NOSO CONCELLO



MAPA
INTERACTIVO



CRECENTE DIVERSO

AS PARROQUIAS

ALBEOS

San Xoán de Albeos é a parroquia sita máis cara o oeste do concello e limita co veciño Arbo. Ten unha superficie total de **598,5 hectáreas**, e ten **25 entidades de poboación**, sumando, no 2022, un total de 394 habitantes. Nesta parroquia podemos atopar verdadeiras xoias a nivel histórico e cultural, como o *Mosteiro de San Paio* ou a célebre pesqueira *A Follagueira*. Ademais tamén debemos destacar ofertas de aloxamento rural que son un auténtico monumento, como o Pazo da Fraga.



CRECENTE DIVERSO

AS PARROQUIAS

AMEIXEIRA

Esta parroquia limita co concello de A Cañiza e abarca unha **superficie total de 675,1 hectáreas**, e conta cun total de **9 entidades de poboación**. A maior parte do seu territorio está fomado por bosques e montes centenaos nos que poder perderse e pasar o tempo de lecer; formados especies autóctonas e outras destinadas á industria madeireira. Nesta parroquia non podemos deixar de visitar o Castro do Alto da Porteliña, da Idade de Ferro; ou a Igrexa de San Bernabeu.



CRECENTE DIVERSO

AS PARROQUIAS

ANGUDES

Angudes é unha das parroquias de Crecente que mira directamente aos ollos do Miño, polo que, non é estrano atopar diversos acesos ao río ao longo das súas ribeiras. Conta cunha **extensión de 465,2 hectáreas e con 6 entidades de poboación: Carreira, Paradela, Pousa, Quinta, Rial e Saboy**. No 2023 contaba con 53 veciños e veciñas. Angudes posúe unha ruta, a dos Muiños do Chedeiro, de gran valor etnográfico, que comparte coa parroquia veciña, Rebordechán; e que nos permitirá perdernos por unhas paisaxes propias doutra tempo. Ademais dita ruta enlaza co Camiña Real cara Santiago de Compostela.



CRECENTE DIVERSO

AS PARROQUIAS

CRECENTE

San Pedro de Crecente é a capital de todo o concello e nela atópanse a maior parte dos servizos como son a Casa do Concello, o centro de saúde, a escola infantil, o mercado de abastos, a farmacia, o colexio, o banco... e abarca unha **superficie de 475,3 hectáreas**. Conta cun total de **13 entidades de poboación**, sendo estas: Abelán, Castro, Costa, Coto, Crecente, Fernández, Lameiro, Lobariñas, Montecelo, Piñas, Rubia, Serra e Valeixe. Ademais esta parroquia conta cunha ruta de gran valor patrimonial como é a Ruta das Ermidas e monumentos en pedra como a propia Igrexa de San Pedro ou a Torre de Fornelos.



CRECENTE DIVERSO

AS PARROQUIAS

FILGUEIRA

San Pedro de Filgueira é unha das parroquias máis extensas de Crecente cun total de **1491 hectáreas as cales están distribuídas en 21 entidades de poboación:** Agro, Aldea de Abaixo, Cañoto, Carballás, Casares, Casás, Ceo, Choca, Costa, Guillade, Hermida, Outeiro, Pazo, Pousa, Rego, Riva, Souto, Surreiro, Tabernas, Varóns e Viña. Ademais é unha das parroquias en contacto co Miño, que fai de fronteira natural co concello de Cortegada de Baños e coa provincia de Ourense. Filgueira conta cunha gran oferta cultural histórica e natural, dende o pantalán ou os diversos miradoidos ata pontes ancestrais como a de Barxelas ou a das Cabras.



CRECENTE DIVERSO

AS PARROQUIAS

O FREIXO

San Roque de O Freixo é unha das parroquias que está bañada por o río Miño, e que ten unha **superficie de 289 hectáreas**. Está distribuída nun total de **6 entidades de poboación**, sendo estas: *Freixo, Granxa, Lombo, Mollapan, Nane e Sotomayor*. Nesta parroquia tivo lugar un feito histórico e gran importancia, pois, no lugar da Granxa, sucedeu unha batalla decisiva da Guerra da Independencia Española contra os franceses. Entre as construcións desta parroquia debemos destaca o Pazo de Queimadelos, así como a igrexa de San Roque do Freixo, antiga capela do pazo.



CRECENTE DIVERSO

AS PARROQUIAS

QUINTELA

Quintela ten de patrón a San Caetano, abarca un total de **185,7 hectáreas**, e conta cun total de **8 entidades de poboación**: *Borbote, Cabo de Aldea, Cancelo, Capilla, Coedros, Fonte, Frieira e Laxas*. Esta parroquia conta cun dos tesouros arqueolóxicos do concello, o castro “a Cidá”, unha construción da Idade de Ferro; sito no lugar coñecido como “Sabanle”; no que se atoparon, entre outras cousas, restos de cerámica indíxena ou o torso dun guerreiro, labrado nun bloque de pedra.



CRECENTE DIVERSO

AS PARROQUIAS

REBORDECHÁN

Santa María de Rebordechán ten un total de **511,7 hectáreas**, e conta con **9 entidades de poboación**: *Cotado, Miaxal, Parada, Pazo, Pousa, Reguengo, Surreiro, Tarendo e Tixosa*. Esta é unha das parroquias con maior personalidade do concello de Crecente. Famosa foi a banda de música de Rebordechán, que estivo activa ata 1962; así como a asociación “O Castriño de Rebordechán”, que leva anos iniciando aos veciños e veciñas na música tradicional galega. Por suposto non podemos esquecer os diversos elementos patrimoniais dos que dispón esta parroquia, como a Ponte e Capela de San Sebastián; ou a Ponte de Barxelas.



CRECENTE DIVERSO

AS PARROQUIAS

A RIBEIRA

A Ribeira é a parroquia sita máis ao suroeste do concello de Crecente. **Ten unha superficie total de 312 hectáreas e conta con 13 entidades de poboación:** *Alboredos, Cabo de Vila, Coedros, Estrada, Fillos, Outeiro, Paredes, Ponte-Ribadil, Pousa, Regueiro, Ribeira de Abaixo, Santa Mariña e Xesta.* É unha das parroquias en contacto directo co río Miño, que serve de fronteira con Portugal. Entre as reliquias patrimoniais que agocha A Ribeira, debemos destacar as Pesqueiras da Pousa.



CRECENTE DIVERSO

AS PARROQUIAS

SENDELLE

Sendelle ten de patroa a Santa Cruz, conta cunha **superficie de 240,2 hectáreas**, e ten un total de **9 entidades de poboación**: *Aldemir, Capilla, Chan de Souto, Corga, Hermida, Lougarés, Pazo, Pereiras e Quintas*. Nesta parroquia podemos atopar un dos restos arqueolóxicos máis peculiares do concello: o Castro e o Muíño de vento de Santa Mariniña; un muíño de corpo cilíndrico que, suponse, substituíu aos hidráulicos debido á falta de caudais de auga ou ás secas de verán que sufría esta zona.



CRECENTE DIVERSO

AS PARROQUIAS

VILLAR

San Xurxo de Villar é unha das parroquias que limita con veciño concello de A Cañiza. Famosa polas súas festas, esta parroquia **ten unha superficie total de 432,3 hectáreas e conta con 15 entidades de poboación**: Cabadas, Carreira, Framilo, Garabelos, Mandelos, Moucho, Nogueira, Outeiro, Pazo, Pedrabranca, Penegrande, Portela, Prado, Quintas e Serra. En Villar poderemos disfrutar, entre outras moitas cousas, da ruta polo Sendeiro do Ribadil, con visita obrigada ao Pozo do Inferno.



CRECENTE DIVERSO



MAKING OF...

FONTES



XOAN
ARCO DA
VELLA

ENLACE A TODO O
PROXECTO



*CEIP PLURILINGÜE
MANUEL SIEIRO*

CURSO 2023-2024